



MISA CON NENOS

14 de novembro de 2021

Ordinario 33º-B

Evanxeo de *Marcos 13, 24-32*:
“As miñas Palabras non pasarán”.
Mensaxe: A túa PALABRA é eterna
A túa PALABRA non pasará



1. ACOLLIDA

Irmáns e irmás: estamos achegándonos xa ao final do ano litúrxico antes de empezar o Advento. Nestes domingos previos, a nosa mirada diríxese ao final da historia e á plenitude de vida que nos promete Xesús con el no seu Reino. Cristo non quere enchernos de medo senón que confiemos nel, que manteñamos a esperanza porque as súas palabras nunca pasarán. Valoremos a Palabra Deus, tratemos de vivila cada día e experimentaremos que cando a vida torcer Deus sempre está aí e pase o que pase nunca abandona os seus.

–Hoxe a Igrexa celebra a V Xornada mundial dos pobres co lema “os pobres sempre os teredes convosco”. Teñámolos, pois presentes, na nosa oración e sobre todo na nosa vida, fagámolos visibles e deamos respostas ás súas necesidades.

SAÚDO *No nome do Pai... O Deus da vida, que alenta a nosa esperanza, sexa con todos vós...*

2. ACTO PENITENCIAL

Polos nosos medos, desesperanzas, pedimos perdón.

- Ti, que nos regalas a túa Palabra e nos dás un futuro de esperanza. *Señor, ten piedade de nós.*
- Ti, que pase o que pase sempre estás aí, es o noso refuxio. *Cristo, ten piedade de nós.*
- Ti, que nos chamas a mellorar o mundo e a compartir cos pobres. *Señor, ten piedade de nós.*

3. MONICIÓN ÁS LECTURAS

Aos poucos achegámonos ao tempo de Advento que nos levará ao Nadal. As lecturas deste penúltimo domingo do Ano Litúrxico, fálannos do fin dos tempos, da vinda de Cristo e invítannos á vixilancia. Non nos podemos durmir. O Señor virá, o mundo desaparecerá e viviremos aqueles que, de verdade, creamos e esperemos en Deus, as súas palabras ou pasarán. Escoitémolo atentamente.

4. ORACIÓN DA COMUNIDADE

Sacerdote: Ao Pai que é a fortaleza dos débiles e a luz para toda a humanidade, dicímolle: Todos: **-A túa Palabra é garantía de esperanza.**

- 1.- Pola Igrexa para que sexa portadora de paz, de esperanza e confianza.

Oremos.

- 2.- Polos pais e nais de familia, para que aprendan a amarse e sexan bos educadores dos seus fillos. **Oremos.**
- 3.- Polos que seguimos a Xesús que toca no noso corazón, para que lle deixemos entrar e habite na nosa vida. **Oremos.**
- 4.- Polos pobres que sofren os golpes da vida, para que confíen en Deus e nós tendámoslles a man. **Oremos.**
- 5.- Por todos nós, para que nunca perdamos a esperanza, sempre confiemos en Deus e fiémonos da súa Palabra. **Oremos.**
- 6.- Pola nosa comunidade, para que coa mirada fixa no ceo sexamos testemuñas da vida que Cristo nos prometeu. **Oremos.**
- 7.- Para que nesta Xornada dos Pobres aprendamos “a amar ao pobre loitando contra todas as pobrezaas espirituais e materiais”. **Oremos.**

Sacerdote: **Escolta, Pai, o que che acabamos de pedir, por XNS.**



5. PROCESIÓN DE OFRENDAS

BOLSAS OU CESTAS DAS OFRENDAS: Con estas bolsas da colecta da V xornada dos Pobres queremos facer realidade a esperanza dos pobres e o amor a todos os que nos necesitan.

CARA DE XESÚS: Con este retrato de Cristo, queremos facer profesión da nosa fe: con Xesús sempre venceremos as dificultades da vida, o mal, e ata a morte. Xesús é o amigo que nunca falla si ábrolle a porta da miña vida.

PAN E VIÑO: No altar poñemos o pan e o viño para que o Señor se faga presente neles e os converta no seu Corpo e o seu Sangue. Así seremos fortes e estaremos vixiantes á súa chegada.



6. SUXESTIÓNS:

- Debuxamos ladrillos, un para cada neno, e pedímoslles que escriban nel o que van facer para construír o mundo novo mentres esperamos a vinda de Xesús, daquela os pinchan nun panel. Mentres un neno le: “Mentres esperamos a volta de Xesús non queremos estar cos brazos cruzados, queremos construír un mundo mellor, por iso ofrecemos estes ladrillos onde escribimos aquilo no que imos colaborar na construción dun mundo novo, o Reino de Deus”.
- O evanxeo fala da figueira, de que cando hai brotes chega o verán. Debuxamos nunha cartolina unha árbore con moitas ramas. Nas raíces poñemos o nome de Xesús. Cada neno terá a súa póla. E de cada póla van saír brotes, pequenas poliñas. A póla grande terá o nome do neno e os brotes serán cousas boas que fixeron desde a semana pasada: pedín perdón, dei as grazas, deixei material, non tirei nada... Que os nenos vaian pensando na súa vida, revisen todo o bo que fan e que nace desde Xesús. E presentámolo nas ofrendas.
- Poderíamos orientar a celebración a carón do debuxo de Fano doutros anos, Xesús chamando á porta do noso corazón, baseándonos na frase “Sabede que el está preto, á porta”. Tamén se pode unir a chamada á porta do noso corazón coa Xornada mundial dos pobres: Xesús chama á túa porta para habitar nel, escoita a súa chamada na voz dos pobres. Neste sentido pódese repartir ao final unha tarxeta de visita co debuxo de Fano coa seguinte inscrición: “Xesús chama á túa porta. Déixao entrar, deixa que habite na túa vida”.



7. VIDEOS 33º ORDINARIO-B, Mc. 13, 1-8: Discurso escatolóxico.

- Evanxeo, debuxos: <http://www.youtube.com/watch?v=2RIegt6sCEI>
- Lecturas domingo 33-B: <https://www.youtube.com/watch?v=skds45Wd5H8>
- Película Mc. 13, 34-32: <https://www.youtube.com/watch?v=SYaTxvzM-Lw>
- Narración Mc.13,34-32: https://www.youtube.com/watch?v=3DVvOWMi_F8
- Como a figueira, Javier Brú, canción: <https://www.youtube.com/watch?v=rBdWofhVUZ8>
- Empeza a vivir, Verbo divino 2012, reflexión: <https://www.youtube.com/watch?v=ebc3mSN86-0>
- Non pasará, Verbo divino 2015, reflexión: “”: <https://www.youtube.com/watch?v=3tWBFvtUeOs>
- Abrir horizontes, Verbo divino 2018, reflexión: <https://www.youtube.com/watch?v=SSXSuKoJ6hY>
- Crise ecolóxica, Verbo Divino 2021, reflexión: https://www.youtube.com/watch?v=4e_Duq-e5YM
- Evanxeo en linguaxe de signos: <https://www.youtube.com/watch?v=RxKO7Ps894w>

9. REFLEXIÓN:



Abrindo horizontes
Contratempos? Dor?
Preocupacións?
Dificultades? Enfermidade?
Sufrimento? Desesperanza?
Parar golpes?
As situacións límite
axúdannos a abrir horizontes,
novos enfoques e novos camiños.
Deus, a través da súa Palabra
nos ensancha o horizonte.
Ábrelle o teu corazón,
déixalle pasar.
Verás como te transforma
Verás como te transforma
coa súa luz, calor e vida.

"O ceo e a terra pasarán, as miñas palabras non pasarán".

<https://www.youtube.com/watch?v=SSXSuKoJ6hY>